

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 21 DE MAIO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte e un de Maio do Dous mil vinte e seis, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 14/05/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/176

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 11/05/2026. DECRETO: "EXCLUSIÓN DAS OFERTAS QUE PRESENTAN VALORES ANORMALMENTE BAIXOS, CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS QUE RESULTAN FINALMENTE ADMITIDAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO CONSTRUCCIÓN DE CARRIL BICI PARA LA CONEXIÓN DEL CASCO URBANO DE RIBEIRA CON LA PARROQUIA DE PALMEIRA"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/235

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 14/05/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DEL PAVIMENTO DEL CARRIL BICI DEL PASEO DEL TOURO” (PSTD-PRTR)”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/283

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/05/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DENOMINADO “REPOSICION CLIMATIZACION MERCADO MUNICIPAL””

5.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Recambio Ochoa, S.L.

VISTO o expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **ALMACÉN E COMERCIO POLO MIÚDO DE PRODUTOS DO AUTOMÓBIL (EPÍGRAFE IAE 615.1)** no lugar de Xarás, nº 13, Ribeira (*Solo Urbano, Ordenanza 6.3.A. Residencial Extensiva Unifamiliar Illada*) e da que é promotora a entidade **RECAMBIOS OCHOA S.L. (CIF B-36049757)** (anterior titular: Recambios Andrés S.L., CIF B-15505092, **LICENZA: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 23 DE XANEIRO DE 1993**)

VISTO o informe favorable emitido polo **arquitecto técnico municipal** o día **11 de maio de 2026**.

VISTO o informe favorable emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo** con data **13 de maio de 2026**.

VISTO o informe favorable emitido polo **secretario xeral da Corporación** con data **14 de maio de 2026**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña,

CONSIDERNADO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade coa normativa vixente, polo que A Xunta de Goberno Local, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO:- INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **cambio de titularidade da actividade** para **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **ALMACÉN E COMERCIO POLO MIÚDO DE PRODUTOS DO AUTOMÓBIL (EPÍGRAFE IAE 615.1)** no lugar de Xarás, nº 13, Ribeira (*Solo Urbano, Ordenanza 6.3.A. Residencial*)



Extensiva Unifamiliar Illada) e da que é promotora a entidade **RECAMBIOS OCHOA S.L. (CIF B-36049757)** (anterior titular: **Recambios Andrés S.L., CIF B-15505092, LICENZA: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 23 DE XANEIRO DE 1993**).

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirinte a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3760 18.02.2026 JUAN SIEIRA SAMPEDRO, sustitución de tellado, na rúa Castelao, 33, Aguiño. (2026 COMU000036)



7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6797 24.03.2026 VICTOR GONZÁLEZ FRANCO, reforma de cuberta, limpeza e pintado de fachadas e impermeabilización de terraza, na rúa Cruceiro de Cruces, 27, Palmeira. (2026 COMU000089)

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3599 13.02.2026 MÓNICA OUJO VILA, restauración de tellado, na rúa Cabasas, Ribeira. (2026 COMU000033)

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9495 23.04.2026 MARIA BENITA PREGO ARESTÍN, arreglo de galpón existente, na rúa da Cambra, nº 26, Palmeira. (2026 COMU00166)

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10198 30.04.2026 MARIA JOSÉ CADÓRNIGA ROMERO, colocación de postes en finca, no lugar de Salmón, Oleiros. (2026 COMU000177).

Así mesmo, se lle informa que, segundo o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 15/05/2026, na súa conclusión e proposta indica que:

"SI O PECHE NON ESTA A 4:00 M DENDE O EIXO DA VIA, O UNICO QUE SE PODE FACER TAREAS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN; PROHIBIDO: RECONSTRUCCION OU VOLVER A FACELLO DE NOVO"

** Según o Artigo 89: Viario e alienacións.... Alienacións mínimas: Cando non figuren nos planos de ordenación serán as seguintes:*



- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.
 - Para vías de tipo II 8 m. o eixo..
 - Para vías de tipo III 6 m. o eixo.
 - Para resto de vías 4 m. o eixo.
 - Para camiños peonís 2 m. o eixo.
- Estas alienacións terán carácter obrigatorio.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8611 14.04.2026 Mª FLORA FERREIRÓS LAPIDO, reforma de baño, na Avda. da Coruña, 77, 5-F, Ribeira. (2026 COMU000145)

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

28169 24.11.2025 SOCIGA UNIÓN S.L., reforma de vivenda unifamiliar, no lugar de Touro, 65, Ribeira. (2025 COMU000580)

13.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE NOVE (9) VIVENDAS, OFICIÑAS, ROCHOS, GARAXE E PISCINA, DE SOTO, PLANTA BAIXA, DÚAS PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA. LUGAR:-RÚA DO NORTE, Nº 78-80, PALMEIRA, RIBEIRA. PROMOTORA: RONCESVALLES HOGAR S.L.

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE NOVE (9) VIVENDAS, OFICIÑAS, ROCHOS, GARAXE E PISCINA, DE SOTO, PLANTA BAIXA, DÚAS PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA**, no lugar de **RÚA DO NORTE Nº 78-80, PALMEIRA, RIBEIRA** da que é promotora a entidade **RONCESVALLES HOGAR S.L.(CIF B-15663503)**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **29 de abril de 2026**,

VISTO o **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **11 de maio de 2026** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa,

VISTOS os **certificados e planos de deslinde de Costas** das parcelas, indicando que “no invade terrenos de dominio público marítimo, ni se encuentra afectada por las servidumbres



de tránsito y protección, de acuerdo con lo establecido en la Orden Ministerial de fecha **19 de outubro de 2016**, aprobatoria del deslinde aplicable en la zona.”, asinados dixitalmente por D. Ignacio Pardo de Vera Moreno o día 19 de xaneiro de 2026 por parte da Demarcación de Costas de Galicia, do Ministerio para a transición ecolóxica, e pola arquitecta Dna. Patricia Muñiz Núñez o día 23 de xaneiro de 2026, coma redactora do proxecto,

VISTO o informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de augas, Viaqua, ca referencia DTM-INF 24/26, do 6 de abril de 2026, asinado dixitalmente por D. Daniel Tubío o día **6 de abril de 2026**

VISTO o informe xurídico emitido con data **15 de maio de 2026** polo **técnico de administración xeral** adscrito ao Departamento Municipal de Urbanismo.

VISTO o informe xurídico emitido con data **18 de maio de 2026** polo **secretario xeral da Corporación**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **RONCESVALLES HOGAR S.L. (CIF B-15663503)** licenza de obra maior (**Nº 20/26**) para a **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE NOVE (9) VIVENDAS, OFICIÑAS, ROCHOS, GARAXE E PISCINA, DE SOTO, PLANTA BAIXA, DÚAS PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA**, en parcela resultante da agrupación de parcelas con refª catastral nº 3849112NH0134N0001HI e 3849113NH0134N0001WI, sita no lugar de **RÚA DO NORTE Nº 78-80, PALMEIRA, RIBEIRA** e nos termos do Proxecto básico Modificado presentado no Concello de Ribeira o día 1 de abril de 2026, (Rexistro de entrada nº 10.034) redactado por Dna. Patricia Muñiz Núñez e D. Luciano González Alfaya, (arquitecto col. nº 2.855 e col. nº 3.130):

- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- Deberá adaptarse ó resto das determinación establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 29 de abril de 2026.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será



determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas



condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

14.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. PROMOTORA: ARACELI ARUSAY ACUÑA PORTEIRO. LUGAR: LAGOIÑA S/N, PALMEIRA,RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza urbanística **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de **LAGOIÑA S/N, PALMEIRA,RIBEIRA**, da que é promotora **DNA. ARACELI ARUSAY ACUÑA PORTEIRO**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 29 de abril de 2026**, **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adsdrito ao Departamento de Urbanismo** con sinatura dixital o **día 13 de maio de 2026**, así como o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **14 de maio de 2026**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:



-PRIMEIRO: - CONCEDER a DNA. ARACELI ARUSAY ACUÑA PORTEIRO licenza urbanística - **PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de **LAGOIÑA S/N, PALMEIRA, RIBEIRA**, no lugar de Esteirón, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A035014290000KB, nos termos do **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 24 de abril de 2026 redactado polo arquitecto D. Jose Manuel Gago Domínguez, (arquitecto col. nº 2.938).

-Deberá axustarse a todas as determinacións establecidas no informe do arquitecto municipal de data 29 de abril de 2026

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de eficiencia enerxética.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública,*



se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías,



foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

15.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA (Nº 6/26). CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA. ACORDO CONCESIÓN LICENZA INICIAL: XUNTA DE GOBERNO LOCAL 5 DE FEBREIRO DE 2026. UBICACIÓN: ESTRADA XERAL, 37, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA). PROMOTOR INICIAL: MARÍA EUGENIA SANTOS CAÑESTRO. PROMOTOR ACTUAL: D. LUIS APARICIO RAMIREZ e DNA. SANDRA BEIRO ALVAREZ

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA nº 6/26** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA** no lugar de **ESTRADA XERAL, 37, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA)** do que son promotores **D. Luis Aparicio Ramirez e Dna. Sandra Beiro Álvarez (anterior titular: María Eugenia Santos Cañestro: acordo Xunta de Goberno Local de 5 de febreiro de 2026),**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, A Xunta de Goberno Local, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presents, adopta o seguinte acordo:



PRIMEIRO.- TOMAR COÑECEMENTO e PRESTAR CONFORMIDADE ao CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA nº 6/26 para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA no lugar de ESTRADA XERAL, 37, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA) do que son promotores D. LUIS APARICIO RAMIREZ E DNA. SANDRA BEIRO ÁLVAREZ (anterior titular: María Eugenia Santos Cañestro: acordo Xunta de Goberno Local de 5 de febreiro de 2026),

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de eficiencia enerxética.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*



- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

DÉCIMO SEGUNDO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Inmogalega 2006, S.L.

Visto o escrito presentado por Cesáreo Baldomero fariña en representación de **Inmogalega 2006, S.L.**, de data 14/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.489), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A042002290000KZ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 15/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600011489 do día 14 de maio de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE



- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A042002290000KZ, no seu plano 2.03 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario; coma solo rústico de protección forestal.

As condicións desta Ordenanza son:

- **Solo Rústico**

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 35 "Usos e actividades en solo rústico", indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.



- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).



- b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
- c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
- d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
- e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
- f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela encóntrase parcialmente dentro de zona de Policía de canles de Augas de Galicia, polo que para levar a cabo calquera actuación urbanística deberá contar ca autorización deste Ente Público.

6. POSIBILIDADE DE LEVAR A CABO A ACTIVIDADE DE "CAMPING"

Tal e coma se indica no artigo 35.d) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o uso de campamento de turismo se encontra dentro dos usos e actividades admisibles en solo rústico, cas condicións sinaladas no artigo 39 da Lei 2/2016, e as previstas na normativa vixente en materia de turismo.

17.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Eduardo Gunche López-Doriga

Visto o escrito presentado por **Eduardo Gunche López-Doriga**, de data 29/04/2026 (Registro de entrada nº 10.127), no que solicita información urbanística en relación a planos de liñas e rasantes polos dous lindeiros da vía pública dos terreos con referencias catastrais 15074A014003960000KH e 15074A014003950000KU.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Vixiante Urbanístico Municipal, Francisco de Borja Martínez Muñiz, de data 14/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

PETICIONARIO	D. EDUARDO GUNCHE LÓPEZ-DORIGA DNI: 36148238N
SITUACIÓN	LG CAPELA Polígono 14 Parcela 396 - 395, Carreira- Ribeira (A Coruña)
REF. CATASTRAL	15074A014003960000KH - 15074A014003950000KU
ASUNTO	Indicar aliñacións.
TIPO DE SOLO	A parcela onde se vai a realizar a obra atópase clasificada polo PXOM de Ribeira, no seu plano 6.1 de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Carreira), a escala E:1/2.000, coma solo urbano residencial extensivo unifamiliar illado (Ordenanza 6.3.A), artigo 157 do PXOM.



DOCUMENTACIÓN GRÁFICA	
COMPROBACIÓN ALIÑACIÓNES NO P.X.O.M.	Comprobación de aliñacións: examinado o plano 1:2000 do noso P.X.O.M. e vemos que tomando as parcelas Ref. Cat: 15074A014003960000KH - 15074A014003950000KU estarían afectadas por dúas vías: - Aliñación Leste: Comprobado o PXOM vemos que existe unha vía acoutada de 10 metros de ancho. As aliñacións veñen dada polo Plano PXOM 6.1. (ver plano). - Aliñación Sur/Sur-Oeste: Comprobado o PXOM vemos que existe unha intersección de vías. A aliñación ven dada polo Plano PXOM 6.1. (ver plano). Defínese o radio da intersección das aliñacións dadas as cotas inferiores tanxentes.



18.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Samanta Romay López

Visto o escrito presentado por **Samanta Romay López**, de data 11/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.164), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A921008820000UB.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 13/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600011164 do día 11 de maio de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A921008820000UB, no seu plano 8.11. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Mámoa-Cruces), a escala E:1/2.000 coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B), artigo 134 do PXOM

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, S.N.R.B., artigo 134 do PXOM:**

Comprende esta norma as áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación está ocupando ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.



OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas se aplicará a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En calquera caso, tratase de ocultar medianeiras, non criando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por cima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata



unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías e miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, se autorizan ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a harmonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste último caso prohíbese as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outro cor.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela conta con fronte a vía grafada nos planos do PXOM, de categoría III, en consecuencia, as aliñacións situaranse a 6,00 metros do eixe da vía.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rubén Vidal Martínez

Visto o escrito presentado por **Rubén Vidal Martínez**, de data 13/05/2026 (Registro de entrada nº 11.375), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0391801NH0009S0001HG, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 15/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0391801NH0009S0001HG, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Carlos González Martín

Visto o escrito presentado por **Juan Carlos González Martín**, de data 14/05/2026 (Registro de entrada nº 10.159), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A039000430000KH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 14/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A039000430000KH, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Adan Iglesias Rodríguez

Visto o escrito presentado por **Adan Iglesias Rodríguez**, de data 15/05/2026 (Registro de entrada nº 11.580), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3443703NH0134S0001AH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 18/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3443703NH0134S0001AH, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

22.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS. PROMOTORA: MARÍA JOSÉ ALFONSO ÁLVAREZ. LUGAR: Rúa Andrés Torres Queiruga, nº 10, Aguiño, RIBEIRA

VISTA a solicitude de **licenza de segregación de parcela** sita en **Rúa Andrés Torres Queiruga, nº 10, Aguiño, Ribeira** presentada por D. Andrés Fernández Fuentes, actuando en nome representación de **Dña. María José Alfonso Álvarez**, (D.N.I. ****500***), rexistrada de entrada os días **6 e 7 de maio de 2026**.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **7 de maio de 2026**.



VISTO o informe xurídico emitido con data **12 de maio de 2026** polo técnico de Administración xeral adscrito ao Departamento Municipal de Urbanismo

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **12 de maio de 2026**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER á Dna. María José Alfonso Álvarez a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 6/26)** con refª catastral nº 9387403MH9098N0001GY e 9387402MH9098N0001YY e sita na Rúa Andrés Torres Queiruga, nº 10, Aguiño, Ribeira, nos termos do Proxecto de segregación de parcela de maio de 2026, presentada no Concello de Ribeira o día 6 de maio de 2026, (registro de entrada nº 10.805) redactado por D. Andrés Fernández Fuentes, (arquitecto técnico col. nº 1.641) así como da Proforma de documento público de escritura de segregación de parcela, presentada no Concello de Ribeira o día 7 de maio de 2026, (registro de entrada nº 10.857).

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN**.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.



23.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a DORA PÉREZ GRAÑA E D^a DOROTEA BRAVO PÉREZ, POLOS DANOS CAUSADOS EN INMOBLE DA SÚA PROPIEDAD POLA EXECUCIÓN DE BURATOS PARA A COLOCACIÓN DE ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN. EXPEDIENTE 2025 RESP000006.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a DORA PÉREZ GRAÑA e D^a DOROTEA BRAVO PÉREZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- D^a Dora Pérez Graña e D^a Dorotea Bravo Pérez son usufrutuaria e nuda propietaria respectivamente, do inmoble sito na Avenida Rosalía de Castro, número 16, da parroquia e municipio de Ribeira.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/02/2025, co número 3820, D^a Dora Pérez Graña e D^a Dorotea Bravo Pérez, promoven reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos causados na fachada do citado inmoble, como consecuencia da execución de buratos para a colocación de elementos de iluminación, feitos que, segundo indican no escrito de reclamación, sucederon o día 11/06/2024.

Co seu escrito de reclamación, no que demandan unha indemnización de 568,70 euros, e no que manifestan que non recibiron indemnización algunha por parte da súa entidade aseguradora, achegan a seguinte documentación:

- DNI da Sra. Pérez Graña.
- DNI da Sra. Bravo Pérez.
- Información rexistral do inmoble sito na Rúa Rosalía de Castro, nº 16, do municipio de Ribeira.
- Informe pericial de data 11/12/2024.
- Varias fotografías do inmoble de referencia.

Mediante escrito rexistrado de entrada na data 15/10/2025 co número 202500024968, as reclamantes reiteran a súa reclamación, solicitando que se remita resolución expresa ou información do estado de tramitación do procedemento.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 13/01/2026 pola técnica xefa de contratación do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 30/03/2026 pola enxeñeira municipal.
- Informe emitido na data 08/04/2026 pola entidade Tecmodeco S.L., rexistrado de entrada na data 08/04/2026 co número 202600008101.
- Informe emitido na data 22/04/2026 polo técnico do departamento de cultura e festexos do Concello de Ribeira.



Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles.

A este respecto, consta presentado escrito de alegacións por parte das reclamantes, aínda que fóra de prazo, xa que a notificación do trámite de audiencia practicouse na data 28/04/2026 e o escrito de alegacións foi presentado na oficina de correos na data 14/05/2026 (registro de entrada no Concello o día 18/05/2026 co número 2026 00011718), un día despois do vencemento do prazo outorgado.

No seu escrito de alegacións, as reclamantes reiteran a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en



materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **as reclamantes formulan a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **teñen lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ser a titular e a usufrutuaria, respectivamente do inmovible que resultou danado.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten a obriga de prestar o servizo de alumeadado público, de conformidade co artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos na fachada do inmovible sito no número 16 da Rúa Rosalía de Castro, propiedade das reclamantes. Así se deduce do informe pericial que achegan.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto as reclamantes conectan os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de alumeadado público.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A técnica xefa do servizo de contratación, en informe emitido na data 13/01/2026, dispón que polo seu departamento **non se tramitou expediente de contratación para a colocación de elementos de iluminación en xuño de 2024 na Rúa Rosalía de Castro.**
- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 30/03/2026, dispón que non tivo coñecemento dos feitos obxecto da reclamación, indicando que a colocación dos elementos de iluminación non son competencia do seu departamento, senón que o mantemento do servizo de alumeadado público préstase a través da entidade **"Ferrovia Construcción S.A."** e **a colocación de alumeadado para festas, etc, realízase a través da entidade contratista correspondente.**



- A entidade “Tecmodeco S.L.” en informe emitido na data 08/04/2026, dispón que **na data 11/06/2024 non colocou ningún tipo de iluminación na Rúa Rosalía de Castro**, nin por conta propia nin por orde do Concello, indicando que durante o ano 2024 solo instalaron o alumeado para as festas patronais de Ribeira celebradas entre o 31/07/2024 e o 04/08/2024, procedendo á colocación da iluminación no mes de xullo, e engadindo que nese mesmo ano instalouse a iluminación de Nadal.
- O departamento de cultura e festexos do Concello de Ribeira, en informe emitido na data 22/04/2026 polo seu técnico, indica que **o citado departamento non organizou nin planificou ningún tipo de programación durante o mes de xuño de 2024 que comportara a colocación de elementos de iluminación nin decorativos colgantes polas rúas da cidade de Ribeira.**

A este respecto, é preciso recordar que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde certamente ó/a reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión (forza maior, culpa do/a prexudicado/a etc...) á Administración (artigo 1214 CC). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade e, na súa consecuencia está atada e interesada “*de oficio*” no esclarecemento da verdade material, o que supón desprenderse de calquera actitude pasiva que impida o cabal coñecemento dos feitos polos que poida atender ou rexeitar, nun acto motivado, as pretensións dos particulares. Por iso, os actos de instrución para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos realizáranse de oficio e, no noso ámbito, o procedemento impulsará de oficio en “*tódolos seus trámites*.”

Neste sentido postúrase a xurisprudencia do Tribunal Supremo, que, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba da existencia dos danos e da relación de causalidade co servizo público corresponderá á parte actora.

O Tribunal Supremo, consciente das dificultades probatorias que se presentan neste tipo de reclamacións, lembra que toda actividade probatoria, consiste en ser un medio de acreditación dos feitos para levar ó Tribunal á convicción da súa existencia e comporta unha actividade de reconstrución histórica, pois refírese a acontecementos xa ocorridos. Non pode esixirse que esta reconstrución sexa real e actual en termos absolutos, senón que ten que levarse a cabo ás veces mediante as referencias que poidan considerarse aceptables de conformidade cós principios que subministra a sa crítica (por todas, sentenza de 21/09/1998).

Pois ben, **do exame da proba practicada no presente expediente con base nos parámetros anteditos, colíxese que non resulta xustificado de xeito suficiente o vínculo causal.**

Efectivamente as reclamantes non presentan proba ningunha que acredite que os danos na fachada do inmovible da súa propiedade foran ocasionados polo servizo municipal de alumeado público.

Pola contra **a proba practicada de oficio**, especialmente o informe do departamento de cultura e festexos que ten carácter preceptivo de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **pon de manifesto o seu descoñecementos do sucedido.**

En definitiva, **o exame conxunto da proba practicada non permite formar convicción sobre a veracidade dos feitos, que, daquela, non resultan suficientemente probados, polo que o procedente é desestimar a reclamación presentada.**



Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/05/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Dora Pérez Graña e D^a Dorotea Bravo Pérez, polos motivos e fundamentos antes expostos.

24.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ANDRÉS MANUEL DIOS REY, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D^a M^a DEL CARMEN REY PARADA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA. EXPEDIENTE 2025 RESP000009.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a DEL CARMEN REY PARADA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 01 de novembro de 2024, D^a M^a del Carmen Rey Parada, con DNI número 33.154.303-X, atopábase no cemiterio municipal de Ribeira, cando ó querer recoller auga tropezou cun burato que se atopa na zona de recollida da auga, o que fixo que caera ó chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Rey Parada golpeou a mandíbula, fracturando os pilares que suxeitan a ponte superior de 14 pezas dentais no maxilar superior, polo que tivo que ser atendida na súa clínica dental de referencia.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 16/03/2025 co número 202500006263, D^a M^a del Carmen Rey Parada, representada por D. Andrés Manuel Dios Rey, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando que se lle indemnice polos danos sufridos que cuantifica na contía total de 6.100 euros mais IVE, segundo orzamento emitido na data 23/12/2024 polo Doutor Agraso Tomé e que achega co seu escrito de reclamación.

Así mesmo, coa seu reclamación achega unha autorización de representación a favor do Sr. Dios Rey; copia do seu DNI; unha certificación do Doutor Jorge Jesús Torres Colomer; un informe do Doutor Agraso Tomé; un orzamento de reposición das pezas dentais; e sete fotografías do lugar da caída.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 18/12/2025 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Documentación que achega a interesada mediante escrito rexistrado de entrada na data 27/01/2026 co número 202600002012.
- Informe emitido na data 16/04/2026 polo servizo de cemiterios.
- Informe emitido na data 20/04/2026 pola enxeñeira municipal.



Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións pola entidade Mapfre, aseguradora do Concello de Ribeira, no que entende que a reclamación debe ser desestimada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de



Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. M^a del Carmen Rey Parada para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende** por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 01/11/2024 cando se atopaba no cemiterio municipal de Ribeira, **e fíxoo en tempo e forma idóneas** por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, **corresponde ó Concello de Ribeira, como titular do cemiterio no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 20/04/2026:** *“El cementerio municipal de la parroquia y municipio de Ribeira es de titularidad municipal, por lo que su conservación y mantenimiento es competencia del Ayuntamiento de Ribeira.”* A este respecto, cómpre sinalar que o servizo de cemiterios é un servizo de deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, **o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Rey Parada.** Así se deduce do informe e do orzamento emitidos pola clínica odontolóxica que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos e as lesións producidos, por canto a reclamante conecta aqueles coa existencia dun burato nunha das zonas de recollida de auga do cemiterio municipal de Ribeira no que se atopaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1ª).- A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia do sucedido.

2ª).- O servizo de cemiterios tampouco tivo constancia do sucedido, como así o afirma no informe emitido na data 16/04/2026, no que dispón o seguinte en relación ó estado da zona da caída: *“Que el lugar de la caída se encuentra en la puerta trasera del cementerio, donde queda ubicado el nuevo aparcamiento del cementerio (que es la puerta trasera). Que la zona de la caída, en general, está en buen estado. Lo único que existe es una pequeña hendidura, con escaso desnivel, que no afecta para nada el paso de las personas. Ni siquiera es una zona resbaladiza, ya que está formada de cemento. No hay hierbas, ni*



arenilla, ni ningún otro elemento que pueda ocasionar una caída, por lo que se entiende que no existe ningún riesgo para las personas”

3º).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 20/04/2026, dispón que non tivo constancia do sucedido e que descoñece a causa do sinistro, indicando o seguinte en relación ó estado do lugar do accidente: “El lugar de la caída se encuentra en la entrada trasera del cementerio. A su mano izquierda podemos ver una toma de agua con un container azul en donde se depositan los envases de plástico para poder recoger el agua de riego de las flores. A pocos centímetros de la villa de agua se puede apreciar una zona de pavimento de hormigón ligeramente irregular, con unos escasos 2 centímetros de desnivel. En esta zona exactamente, es donde al parecer se ha caído la Sra. Rey Parada según refiere en su escrito de reclamación. Como se ha indicado y como se puede apreciar en las fotografías que se adjuntan a continuación, el desnivel existente en el pavimento de hormigón es escaso, por lo que no puede decirse que constituya un obstáculo para los/as usuarios/as del servicio, ni que suponga un riesgo para los mismos, ni mucho menos que pueda calificarse de agujero como refiere la Sra. Rey Parada en su escrito de reclamación.”

4º).- Non se aportan testemuñas do sucedido por parte da reclamante.

Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos e lesións sufridos pola reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público de cemiterios, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real do burato na zona de recollida de auga ó que acudiu a Sra. Rey Parada.
- b) A imputabilidade das consecuencias da caída, isto é, a relación ou conexión directa do defecto no pavimento do cemiterio co funcionamento do servizo público municipal.

En canto á primeira cuestión, **tanto o informe do servizo de cemiterios como o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal, son coincidentes en afirmar a escasa entidade do desnivel existente na zona de recollida de auga na que aconteceu a caída**, que non cualifican como un obstáculo que poida significar un risco para as persoas usuarias.

A este respecto, a xurisprudencia ten sinalado que a solidariedade nos riscos que fundamenta a institución da responsabilidade patrimonial como instrumento de resarcimento das vítimas de danos producidos polo funcionamento dos servizos públicos cara á xusta distribución das súas cargas e beneficios, non constitúe unha cobertura providencialista de todas as incidencias que acontezan en lugares de titularidade pública, sendo precisa a concorrencia dos presupostos legalmente impostos, e en particular, que se teñan excedido os límites derivados dos estándares de seguridade esixibles conforme coa conciencia social, como o Tribunal Supremo ten establecido, entre outras, na Sentenza do 30/09/2009 (rec. 2278/2005): “(...) la prestación por la Administración de un determinado servicio público y la titularidad por parte de aquélla de la infraestructura material para su prestación no implica que el vigente sistema de responsabilidad patrimonial objetivo de las Administraciones Públicas convierta a éstas en aseguradoras universales de todos los riesgos con el fin de prevenir cualquier eventualidad desfavorable o dañosa para los administrados que pueda producirse con independencia del actuar administrativo, porque de lo contrario se transformaría aquel en un sistema providencialista no contemplado en nuestro Ordenamiento Jurídico (SSTT de 30.09.2003 y las que cita), sino que es necesario que el riesgo inherente a su utilización haya rebasado los límites impuestos por los estándares de seguridad exigibles conforme a la conciencia social (SSTT de 15.12.1997)”.



Ademais, o Tribunal Supremo ten subliñado a obriga de dilixencia das persoas usuarias dos servizos públicos, pois aínda que a Administración deba garantir que as condicións da prestación do servizo sexan acordes coa evitación de danos, “también los usuarios deben utilizar los servicios con la diligencia necesaria para evitar esos daños, sin que pueda imponerse a las Administraciones una responsabilidad ajena a aquella diligencia” (Sentenza do Tribunal Supremo do 17706/2014, rec. 3978/2011).

Polo que respecta á segunda cuestión, é preciso recordar que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde certamente ó/a reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión (forza maior, culpa do/a prexudicado/a etc...) á Administración (artigo 1214 CC). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade e, na súa consecuencia está atada e interesada “*de oficio*” no esclarecemento da verdade material, o que supón desprenderse de calquera actitude pasiva que impida o cabal coñecemento dos feitos polos que poida atender ou rexeitar, nun acto motivado, as pretensións dos particulares. Por iso, os actos de instrución para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos realizaranse de oficio e, no noso ámbito, o procedemento impulsará de oficio en “*tódolos seus trámites*.”

Neste sentido postúrase a xurisprudencia do Tribunal Supremo, que, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba da existencia dos danos e da relación de causalidade co servizo público corresponderá á parte actora.

O Tribunal Supremo, consciente das dificultades probatorias que se presentan neste tipo de reclamacións, lembra que toda actividade probatoria, consiste en ser un medio de acreditación dos feitos para levar ó Tribunal á convicción da súa existencia e comporta unha actividade de reconstrución histórica, pois refírese a acontecementos xa ocorridos. Non pode esixirse que esta reconstrución sexa real e actual en termos absolutos, senón que ten que levarse a cabo ás veces mediante as referencias que poidan considerarse aceptables de conformidade cós principios que subministra a sa crítica (por todas, sentenza de 21/09/1998).

Pois ben, **do exame da proba practicada no presente expediente con base nos parámetros anteditos, colíxese que non resulta xustificado de xeito suficiente o vínculo causal.**

Efectivamente a reclamante non presenta proba algunha que acredite que a caída fose debida ó estado do pavimento do cemiterio municipal.

Pola contra **a proba practicada de oficio**, especialmente os informes dos departamentos de cemiterios e obras en mantemento de infraestruturas que teñen carácter preceptivo de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **poñen de manifesto o seu descoñecemento do sucedido.**

En definitiva, **o exame conxunto da proba practicada non permite formar convicción sobre a veracidade dos feitos, que, daquela, non resultan suficientemente probados, polo que o procedente é desestimar a reclamación presentada.**



Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/05/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **D^a M^a del Carmen Rey Parada**, polas lesións sufridas por mor dunha caída no cemiterio municipal de Ribeira, polos motivos e fundamentos antes expostos.

25.- VAO PERMANENTE - Ismael Pena Maneiro

Visto o escrito presentado por **Ismael Pena Maneiro**, de data 08/05/2026, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Avenida da Coruña, nº 81 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/05/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a Ismael Pena Maneiro**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (5,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Avenida da Coruña, nº 81 (Ribeira), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facérllle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

26.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación española contra o Cancro, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade "Campañas de prevención e promoción da saúde durante o ano 2025".

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación española contra o Cancro, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade “Campañas de prevención e promoción da saúde durante o ano 2025”, por importe de 3.400,00 €.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA GRAVAR E VOAR CON DRON EN DIFERENTES LOCALIZACIÓN DO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Techfriendly, S.L.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Turismo do Concello de Ribeira, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 19/05/2026, relativa á solicitude de autorización para gravar e voar con dron en diferentes localizacións do termo municipal de Ribeira, na que expón:

“Que o Concello de Ribeira a través do noso Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) vai a implantar a Plataforma Turística Intelixente que realizará a empresa Techfriendly SL financiada ao 100% con fondos Next Generation no marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

O obxectivo que se persegue con esta acción é a creación de ferramentas dixitais que poidan mellorar a información dos recursos turísticos, facilitar a planificación da viaxe, mellorar a experiencia e xerar valor engadido ao destino. En consecuencia, tanto turistas como cidadanía poderán gozar de información de interese dunha forma innovadoras a través de servizos personalizados e experiencias inmersivas.

Para poder levar a cabo os traballos da nova Plataforma Turística Intelixente. A empresa adxudicataria Techfriendly SL precisa la semana do 25 ao 31 de maio de 2026 poder gravar e voar con dron nas seguintes localizacións do termo municipal (...)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a á empresa Techfriendly SL a gravar e voar con dron na semana do 25 ao 31 de maio nas seguintes localizacións do termo municipal:

- Avenida do Malecón
- Porto deportivo de Ribeira
- Porto de Ribeira
- Lonxa de Ribeira
- Paseo do Touro
- Praia da Ameixida
- Porto de Palmeira
- Praia da Corna
- Lonxa de Aguiño
- Porto de Aguiño
- Paseo de O Carreiro
- Praya do Castro e A Catía
- Praya de Castiñeiras
- Corrubedo
- Praia do Prado



- Dar traslado deste acordo á Policía Local de Ribeira e ao Departamento de Protección Civil para o seu coñecemento.

28.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA GUÍA (CARREIRA) - Asociación Cultural A Guía

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 18/05/2026, relativa á autorización para a celebración da Festa da Guía (Carreira), na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por María Astrid Dios Folgar, en representación da Asociación Cultural A Guía, sede electrónica 2026 11618 de data 16 de maio de 2026, interesado celebrar as Festas da Guía en Carreira os días 23 ao 25 de maio de 2026.

Achega cartel coa programación.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

- Autorización para celebrar a festa da Guía no calendario sinalado.
- Vallas e sinais.
- Reforzo de contenedores e limpeza diaria no lugar da festa.
- Apoio de Protección civil para celebrar a procesión do día 23 de maio.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.**

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.



- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puideran corresponder das actuacións contidas na programación da festa.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas competencias comprométese a:

- **Autorizar** a celebración da Festa da Guía no Campo da Festa, A Capela do 23 ao 25 de maio de 2026 na parroquia de Carreira.
- **Establecer un horario límite de actividade** ata as 4:00 h na madrugada do sábado ao domingo e o luns ata ás 24.00 horas deste día (25 de maio de 2026).
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de servizo de limpeza e contenedores os días de festa.**
 - **Ordenación do tráfico, sinais e valado segundo disponibilidad.**
 - **Apoio do GAEM o día da celebración da procesión 23 de maio de 2026.**

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Festa da Guía no lugar da Capela do **23 ao 25 de maio de 2026 na parroquia de Carreira-Ribeira**.
- Establecer como **horario límite** das actividades as **4:00 horas** na madrugada do sábado ao domingo e o luns ata ás 24.00 horas deste día (25 de maio de 2026).
- Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, sinais e valado se o precisaran e dependendo da dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local e GAEM**.



29.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 14/05/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por Marianne Bande Willissh, en nome de Enseducu S.A.L. (Colexio Bayón), sede electrónica núm. 2026 6756 de 23 de marzo de 2026, interesando celebrar un acto/festival que veñen realizando todos os anos no participan de 300 a 350 persoas aproximadamente, para o que solicita dispor do Auditorio Municipal de Ribeira o día 29 de maio de 2026 en horario de 16.00 a 20.30 horas.

Considerando que:

- O evento é organizado por un centro de ensino do municipio.*
- Acontecemento que reforza lazos da comunidade educativa, profesorado, alumnado acompañados das familias destacando a importancia de traballar xuntos e que se reúne para despedir o curso escolar.*

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

- Instalación: Auditorio Municipal de Ribeira.
Venres 29 de maio de 2026 en horario de 16 h a 20 h (festival 18h).*
- Servizo de bedelía e limpeza.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do *Festival do Colexio Bayón* de Ribeira.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o venres 29 de maio de 2026 de 16 a 20 horas.
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO

- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- Será por conta do solicitante dispor do servizo técnico de sala.



6. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
7. Respetar o aforo da instalación.
8. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
9. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
10. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
11. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

ANEXO I-

NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o aforo máximo da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carritos de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móvil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Debése seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.



30.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DO XI EDICIÓN DO CONCURSO INTERNACIONAL DE NOVELA CURTA “CIDADE CENTENARIA DE RIBEIRA” 2026-2028

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/05/2026, relativa á aprobación da convocatoria do XI Edición do Concurso Internacional de Novela Curta “Cidade Centenaria de Ribeira” 2026-2028.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 14/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar as Bases da XI Edición do Concurso Internacional de Novela Curta “Cidade Centenaria de Ribeira” 2026-2028.**
- **Autorizar a concesión dun primeiro e único premio dotado coa cantidade de 3.000,00 € (dito premio entregárase no ano 2027).**
- **Aprobar e autorizar para a sinatura do convenio desta edición entre o Concello de Ribeira e Edicións Xerais de Galicia.**

31.- ACHEGA CONCEDIDA A CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIBEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Alcaldía, de data 15/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club de Remo Náutico de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico na organización da VIII Bandeira de Bateis Feminina e Masculina Concello de Ribeira.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club de Remo Náutico de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico na organización da VIII Bandeira de Bateis Feminina e Masculina Concello de Ribeira; por importe de 1.500,00 €.

32.- PROPOSTA DE REORDENACIÓN DE TRÁFICO E ESTACIONAMENTOS NA PRAZA DE PONTEVEDRA (RIBEIRA)

Queda sobre a mesa a proposta presentada pola Policía Local, de data 17/05/2026, (a iniciativa das concellerías de Economía e Facenda, Vías e Obras, e Deportes, Innovación e



Novas Tecnoloxías, relativa á reordenación da circulación do tráfico e estacionamentos na Praza de Pontevedra (Ribeira).

33.- AUTORIZACIÓN AO CLUB SD XUVENTÚ AGUIÑO PARA A CELEBRACIÓN DUNHA COMIDA DE FIN DE TEMPADA NAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DA TASCA

LOGO DE VER que D. José Manuel Vilas Álvarez, en representación do club SD Xuventú Aguiño, presenta escrito de data 18-05-2026, con número de rexistro de entrada municipal 11.662, expoñendo:

*"O VINDEIRO SABADO 23 DE MAIO, CO MOTIVO DO FINAL DA LIGA E DA TEMPORADA, A SD XUVENTU AGUIÑO QUER FACER UNHA COMIDA COS PAIS E RAPACES (BENXAMINS E PREBENXAMINS), TENDO PREVISTO CONTRATAR UN D.J., PARA POÑER MUSICA DENDE AS 18:00 ATA AS 20:00, POLO QUE SOLICITAMOS:
PERMISO PARA FACER A DEVANDITA COMIDA E POÑER MUSICA NAS DEVANDITAS HORAS, COMPROMETENDONOS A FACER O MINIMO RUIDO QUE SEXA POSIBLE."*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
2. O Campo Municipal da Tasca, non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 18-05-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 18-05-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a celebración dunha "comida de fin de tempada" no Campo Municipal da Tasca ao Club Xuventú Aguiño, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", ao tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- Esta autorización concédese para o **sábado 23 de maio de 13.00 h. a 20.00 h.**
- **O club S.D. Xuventude Aguiño comprométese a poñer música só nos horarios solicitados** (entre as 18.00 e as 20.00 horas)
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos e actividades deportivas nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes,



así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.

- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual da instalación entre outros).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

34.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL - M.D.O.P.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Brício, de data 18/05/2026, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.D.O.P.**, mediante escrito de data 12/05/2026.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 15/05/2026, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **M.D.O.P.** unha axuda económica consistente en concepto de:

- Pago de factura de ben de primeira necesidade de arranxo de suministro de auga na vivenda por avería,. 398,32€
- Pago de traballo realizado 45,98€
- Orzamento de instalación e material de campá extracion de fumes necesario para a solicitante por mor de problemas de saúde 373,89€

35.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DO EVENTO “CHOPO SALEIRO 2026”

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Turismo, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 18/05/2026, relativa á autorización do evento “Chopo Saleiro 2026”, na que expón:

“Que a Asociación Cultural y Recreativa Rúa do Sal vai a celebrar o evento “Chopo Saleiro 2026” o 23 de maio en Ribeira.

Presenta a solicitude de autorización no rexistro xeral do Concello na data 13/05/2026 con Nº de rexistro de entrada 202611345, solicitando:

Autorización para celebrar o evento “Chopo Saleiro 2026” o sábado 23 de maio nas inmediacións da Rúa do Sal e do Malecón de Ribeira.



1. Reserva das prazas de aparcamento azuis na Avd. do Malecón, ao carón do edificio da Capitanía Marítima e a Farmacia da mesma Avenida, dende as 16:00h do 22/05/2026 ata as 8:00h. do 24/05/2026 por motivo da montaxe do palco musical.
2. Retirada das macetas ao carón das prazas de aparcamento azuis, descrito no punto un, nas mesmas datas.
3. Trinta vallas comúns para a seguridade do evento, catro conos para a sinalización do tráfico no comezo da rúa Romero Ortiz e 10 vallas de altura superior para protexer o grupo electrógeno da actividade musical.
4. Catro "jaimas" do Concello para toda a xornada do evento "Chopo saleiro".
5. Autorización para os concertos programados na actividade "Chopo Saleiro" na data 23/05/2026 dende as 13:00 h ata as 23:59 h. Nas inmediacións da rúa do Sal e o Malecón."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

- Autorizar a celebración do evento "Chopo Saleiro 2026" o sábado 23 de maio nas inmediacións da rúa do Sal e no Malecón de Ribeira.
Tendo en conta que a localización do espazo que solicita a Asociación Cultural e Recreativa Rúa do Sal para realizar o evento "Chopo Saleiro 2026" non é de titularidade municipal é preciso que a entidade solicitante, a Asociación Cultural e Recreativa Rúa do Sal, dispoña da autorización/permiso de ocupación do espazo por parte da administración competente que, neste caso, é Portos de Galicia.
- Autorizar o prestamo de jaimas do Concello para toda a xornada do evento "Chopo Saleiro".

36.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE PAELLA POPULAR – Victoria Agraso Vidal

Visto o escrito presentado por **Victoria Agraso Vidal** en representación do establecemento hostaleiro Ventos Vellos, de data 18/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.738), no que solicita autorización para a celebración dunha paella popular o día 17/07/2026, a partir das 19:00 h., na Rúa Alcalá Galiano (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha paella popular o día 17/07/2026, a partir das 19:00 h., na Rúa Alcalá Galiano (Ribeira).
- Deberán gardar as debidas medidas de seguridade para os participantes e peóns.
- Deberán respectar o libre espazo para a circulación de peóns e vehículos de residentes.
- Deberán deixar a zona completamente limpa despois da celebración do evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Carmen Acevedo Seráns (MORRISON)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Carmen Acevedo Seráns** en representación establecemento "**Cervecería Morrison**" (Ribeira), de data 19/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.792), nos que solicita permiso para a celebración de



evento musical no establecemento hostaleiro “Cervecería Morrison” (Ribeira), o día 24/05/2026, en horario de 17:00 h. a 22:00 h.

38.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DO ESPAZO MUNICIPAL DE USOS MÚLTIPLES – Comunidade Islámica de Ribeira

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 20/05/2026, relativa á autorización de uso temporal do Espazo Municipal de Usos Múltiples (Carpa), na que expón:

“Atendendo a solicitude, presentada por Mohamed Tanaki Farhan, sede electrónica núm. 2026 11037 de data 08 de maio de 2026, en nome da Comunidade Islámica de Ribeira interesando dispor da “carpa” para celebrar a Festa do Cordeiro o vindeiro 27 de maio de 2026.

Considerando os dereitos e liberdades recollidos no artigo 16 da Constitución Española de 1978.

Revisado a axenda de reservas deste espazo de usos múltiples municipal.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Conclúe:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición:

- 1. Instalacións municipais:**
Espazo Municipal de Usos Múltiples, instalada na rúa Canarias/Galicia de Ribeira.
- 2. Disponibilidade:**
Día 27 de maio de 2026 de 2026 desde ás 8 horas ata 24.00 horas deste día.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- Autorizar á Comunidade Islámica de Ribeira, e en precario, o Uso Temporal do Espazo Municipal de Usos Múltiples (Carpa) o mércores 27 de maio de 2026 de 8.00 a 24.00 horas deste día para celebrar a Festa do Cordeiro.
- Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- Notificar o acordo ao interesado xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

“CONDICIÓN DE USO”

- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*



«DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas* «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

- 2 A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3 Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 4 Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con fogo" quedando prohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, hornillos portátiles e similares.
- 5 En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 6 Facilitarase á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche desta instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o período antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e se absterá de realizar reproducións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.
- 6 Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
- 8 Respetar o aforo da instalación (límite 400 persoas de pé e 300 persoas sentadas).

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento culturaefestexos@ribeira.gal.

39.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 19/05/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitudes presentadas por María Eugenia Garrido Iglesias, en nome do Colexio Galaxia, sede electrónica núms. 2026 8797 e 11582 de 15 de abril e 15 de maio de 2026, interesando celebrar varios actos organizados polo centro para o que precisa dispor do uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira no seguinte calendario:

Venres 12 de xuño de 2026 10.00 a 14.00 horas	Acto de Graduación de 4º da ESO Participantes alumnado, profesores e pais.
Mércores 17 de xuño de 2026 10 a 13 h/ 16 a 18.h 18 h a 20.30 h	Celebración do Festival escolar Ensaio previos Festival ata rematar.

Manifesta en ambas peticións que se fan cargo do técnico de son.

Considerando que:

- a) O evento é organizado por un centro de ensino do municipio.
- b) Acontecementos que reforza lazos da comunidade educativa, profesorado, alumnado acompañados das familias destacando a importancia de traballar xuntos e que se reúne para despedir o curso escolar.



Conclusión:

Apoiar estos eventos poñendo a súa disposición

1. *Instalación: Auditorio Municipal de Ribeira.*
Venres 12 de xuño de 2026 *Acto de Graduación de 4º da ESO*
Mércores 17 de xuño de 2026 *Celebración do Festival escolar*
2. *Servizo de bedelía e limpeza."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración do *Acto de Graduación de 4º da ESO e Festival Escolar a petición e organizados polo Colexio Galaxia* de Ribeira.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira no seguinte calendario:

Venres 12 de xuño de 2026	Acto de Graduación de 4º da ESO
10.00 a 14.00 horas	Participantes alumnado, profesores e pais.
Mércores 17 de xuño de 2026	Celebración do Festival escolar
10 a 13 h/ 16 a 18.h	Ensaio previos
18 h a 20.30 h	Festival ata rematar.

- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Será por conta do solicitante dispor do servizo técnico de sala.
6. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puideran corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
7. Respetar o aforo da instalación.
8. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
9. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.



10. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
11. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

ANEXO I-

NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o aforo máximo da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Debése seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

